

mento do exercicio posterior, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

(...)

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de esta ser expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de esta ser expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

(...)

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

(...)

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro de Economía e Industria ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

(...)

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, a xefatura do departamento territorial competente en materia de comercio, por delegación do conselleiro de Economía e Industria, ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para estes efectos, deléganse as competencias do conselleiro de Economía e Industria nos departamentos territoriais da consellería, no ámbito das súas respectivas demarcacións, para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos beneficiarios».

Disposición adicional

As demais referencias ao conselleiro e á Consellería de Innovación e Industria contidas na convocatoria e nas bases reguladoras establecidas na devandita orde entenderanse realizadas ao conselleiro e á Consellería de Economía e Industria, respectivamente.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Resolución do 19 de xuño de 2009 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais a través das entidades colaboradoras coa Consellería de Economía e Industria, e se procede á publicidade da relación das ditas entidades colaboradoras seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008 (procedemento administrativo IN533A, publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 4 de xullo de 2008).

O 8 de outubro de 2008 publicouse no DOG a relación das entidades colaboradoras seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008, así como a apertura do prazo de presentación de solicitudes no ano 2008 para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas ao abeiro da dita orde.

O 15 de xuño de 2009 o conselleiro de Economía e Industria ditou as resolucións en que se consideran as novas entidades colaboradoras seleccionadas no ano 2009 e as non seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008.

Segundo o establecido no artigo 10º da dita orde, para acceder á condición de entidades colaboradoras, as entidades seleccionadas favorablemente deben asinar un convenio de colaboración coa con-

sellería para acadar a condición de entidade colaboradora, con suxeición ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O 19 de xuño de 2009, procedeuse á sinatura dos ditos convenios de colaboración coas novas entidades colaboradoras adheridas no ano 2009 e que colaborarán coa Consellería de Economía e Industria na xestión das axudas aos traballadores autónomos para o acceso á sociedade da información.

O inicio das actuacións previstas neste réxime de axudas está suxeito ao disposto no artigo 11 da Orde do 26 de xuño de 2008, en que se recolle que: No ano 2009 se actualizará o número de entidades colaboradoras participantes, e logo da tramitación das solicitudes de adhesión de entidades colaboradoras en 2009 e da sinatura coas novas entidades colaboradoras da correspondente addenda ao convenio xa vixente, publicarase no DOG unha relación completa das entidades adheridas. O prazo de presentación das solicitudes de axuda no ano 2009 quedará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta nova relación de entidades colaboradoras, e permanecerá aberto ata o 10 de novembro de 2009, ou ata que se esgote o crédito orzamentario.

Na súa virtude,

RESOLVO:

1. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación completa de entidades colaboradoras, segundo o disposto no artigo 11 da Orde do 26 de xuño de 2008. Esta relación achégase como Anexo-Relación completa de entidades colaboradoras seleccionadas para o ano 2009 desta resolución.

Toda a información sobre o alcance deste réxime de axudas, sobre as entidades colaboradoras adheridas e sobre os seus puntos de venda ao público dispoñibles na Comunidade Autónoma de Galicia estará dispoñible na páxina web: <http://www.xunta.es/cei/pcautonomos> ou aqueloutra a que poida ser redirixida desde a web citada.

2. Ordenar a apertura do prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais a través das entidades colaboradoras coa Consellería de Economía e Industria, a partir do día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Faise indicación expresa, segundo o disposto no artigo 6 das bases reguladoras da Orde do 26 de xuño de 2008, que para ser beneficiario se deberá tramitar a solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras seleccionadas para este réxime de axudas, polo que os interesados deberán dirixirse ás ditas entidades colaboradoras.

3. Notificarlles ás entidades solicitantes no ano 2009 que non aparezan no citado anexo que deberán entender que non foron seleccionadas pola Consellería de Economía e Industria, por incumprimento dalgun dos requisitos establecidos. Esta notificación realízase de conformidade co disposto nos artigos 7 e 8 da Orde do 26 de xuño de 2008, e tanto as entidades seleccionadas como as non seleccionadas poderán obter información detallada das circunstancias que recaen na resolución da súa solicitude accedendo directamente ao taboleiro electrónico dispoñible na páxina web da Consellería de Economía e Industria, no enderezo: http://xunta.es/apps/axudas/login.do?cod_cons=IN&cod_proc=533A.

O acceso a dito taboleiro electrónico tamén pode facerse por navegación desde o enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es>, seleccionando a Oficina Virtual, para, a continuación, acceder á aplicación Internet Expres e dentro desta, escoller o procedemento IN533A. Para o acceso ao contido do taboleiro electrónico cada solicitante deberá introducir o código electrónico facilitado xunto cos formularios da solicitude, o que garante a intimidade do acceso á información.

4. Informar que, en caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as entidades colaboradoras poderán dirixirse á Consellería de Economía e Industria, a través do teléfono 981545583, do enderezo de correo electrónico cei.dxpisi.axudas@xunta.es, ou presencialmente. Nesta consellería tamén se disporá dun taboleiro físico convencional onde poderá accederse en formato papel á información particularizada para cada unha das entidades presentadas, o que garante a igualdade no proceso de notificación para todos os solicitantes nun procedemento selectivo, e mesmo para aqueles que non obtiveron un código electrónico na súa solicitude ao non seguir as indicacións e medios de axuda para a obtención dos formularios normalizados previstos na orde reguladora.

Faise indicación expresa ás entidades colaboradoras seleccionadas que, segundo o disposto no artigo 14, Obrigas específicas de publicidade da Orde do 26 de xuño de 2008, deben dispor na súa páxina web de información suficiente dirixida aos seus clientes sobre o alcance deste réxime de axudas. Tanto na páxina web como na factura emitida pola colaboradora ao beneficiario, deberá atribuírse explicitamente a orixe da dita axuda á Xunta de Galicia e á Unión Europea, mediante o programa Feder (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87, do 6 de maio)
José Riesgo Boluda
Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

ANEXO

Relación completa de entidades colaboradoras
seleccionadas para o ano 2009

Nome ou razón social	NIF	Solicitude 2009	Núm. expte.
<i>Advanced Systems Puntobit, S.L.</i>	B15995558	-	8335
<i>Ainel Automática, Informática y Electrónica, S.L.</i>	B32229478	2009	11409
<i>Aracnosoft, S.L.</i>	B15677008	-	8393
<i>Archy Sistemas y Telecomunicaciones, S.L.</i>	B70087812	2009	11379
<i>Arturo García y Ana Belén, S.C.</i>	J32340416	2009	12279
<i>AS Computer Maccenter, S.L.</i>	B15459027	-	8396
<i>Asin Lucense, S.L.</i>	B27023985	2009	11880
<i>Asistec TI, S.L.</i>	B36468809	-	8280
<i>Augesa Servicios, S.L.</i>	B27247154	-	8356
<i>Autoxuga Móvil, S.L.</i>	B15587363	2009	11884
<i>AVA Soluciones Tecnológicas, S.L.</i>	B15845480	-	8354
<i>Bedoscomp, S.L.</i>	B32331787	2009	12006
<i>Biclick, S.L.U.</i>	B36830198	2009	11979
<i>Breogán Sistemas, S.L.</i>	B70048244	2009	11422
<i>Brinco Soluciones Integrales, S. L.</i>	B15966468	2009	12197
<i>Campillo Casais, Manuel</i>	36013197G	-	8213
<i>Cei Vigo, S.L.</i>	B36948891	2009	11840
<i>Centro de Informática del Noroeste, S.L.</i>	B36106169	2009	11386
<i>Centro de Microfilmación de Galicia, S.A.</i>	A15049448	2009	11890
<i>Chip Work, S.L.</i>	B15724222	2009	11595
<i>Compromiso Tecnológico Software Factory, S.L.</i>	B85079663	2009	11594
<i>Comunicaciones Lago, S.L.</i>	B15902927	2009	11371
<i>Conceptos y Proyectos Informáticos, S.L.</i>	B27157189	2009	11621
<i>Control Empresarial y Sistemas de Información de Galicia, S.A.</i>	A36201127	2009	11584
<i>Cybernova Moaña, S.L.</i>	B36345635	2009	11599
<i>Cyma Gráfica Coruña 2002, S.L.</i>	B15725690	2009	11383
<i>Díaz García, Alberto</i>	32659153G	2009	12192
<i>Dinox Móvil, S.L.</i>	B36391035	2009	12216
<i>Discount Informático, S.L.</i>	B32212557	-	8321
<i>Domo Data, S.L.</i>	B32334971	2009	11970
<i>Dunid, S.L.</i>	B27111715	-	8242
<i>El Muelle Servicios Hosting, S.L.</i>	B15884398	-	8134
<i>Enbel Informática, S.L.</i>	B32177701	-	8192
<i>Entercom Technologies, S.L.</i>	B36448033	2009	11640
<i>Euro-Infor Profesionales Informáticos, S.L.</i>	B36772028	2009	12236
<i>European Hardware System, S.L.</i>	B27311521	2009	11999
<i>F1 Informática e Redes, S.C.</i>	J32365454	2009	12147
<i>Fernández Campello, Pablo</i>	32667956K	2009	12224
<i>Fernández Iglesias, Carlos</i>	33310364Q	2009	12132
<i>Formade, S.L.</i>	B36935690	-	8401
<i>Full Time Informática, S.L.</i>	B15491707	2009	11898
<i>Galichip, S.L.</i>	B27307800	2009	12195
<i>Galitec Consultores Informáticos, S.L.</i>	B36938397	2009	12049
<i>GesLemos, S.L.N.E.</i>	B27355650	2009	11703
<i>González Atones, Ignacio</i>	76729425E	2009	12086
<i>González Cid, José</i>	36014126J	2009	11624
<i>Grupo Digalco, S.L.</i>	B15639792	2009	11478
<i>Grupo Gasavi Informática, S.L.</i>	B36476075	2009	12059
<i>Hita Torres Tridente 2007, S.L.</i>	B32363194	-	8373
<i>Ide Ordes, S.L.</i>	B15818529	2009	12045
<i>Ideit, S.L.</i>	B32325292	2009	11986
<i>Iglesias Informatica e Telecomunicacions, S.L.</i>	B70139985	-	8232
<i>Infocon Galicia, S.L.</i>	B15975329	2009	12193
<i>InfoJC, S.L.</i>	B36764827	2009	11528
<i>Infonova Informática e Comunicaciós, S.L.</i>	B15862105	2009	11404
<i>Infordeza, S.L.U.</i>	B36459105	2009	11582
<i>Inforhouse, S.L.</i>	B36112803	2009	11593
<i>Informática Asg, S.L.</i>	B36755478	2009	12144
<i>Informática Condado, S.L.</i>	B36449825	2009	11696
<i>Informática Elinfo, S.L.</i>	B15608326	2009	12017
<i>Informática Integral Galega, S.L.</i>	B27326008	-	8304
<i>Informatica Luis Pigni, S.L.</i>	B27700566	-	8319
<i>Informática Marfer, S.L.</i>	B27227073	2009	11549

Nome ou razón social	NIF	Solicitude 2009	Núm. expte.
<i>Informática Porriño, S.L.U.</i>	B36375780	2009	12098
<i>Informática Sueiro, S.L.</i>	B36330918	2009	11749
<i>Informática Viguessa, S.L.</i>	B36688372	-	8279
<i>Informática Viñas, S.L.</i>	B15966039	2009	12179
<i>Informatica Xacobeu, S.L.U.</i>	B36826931	2009	12273
<i>Infotec Mariña S.L.</i>	B27286236	2009	12200
<i>Infozone, S.L.</i>	B15873458	2009	12077
<i>Intel Informática, S.L.</i>	B15831688	2009	11559
<i>Innova Galicia Networks Solutions, S.L.</i>	B27354406	-	8155
<i>Innove, S.C.</i>	J70185228	2009	11937
<i>Intec Software, S.L.</i>	B36451508	2009	12314
<i>Isalnes Hardware, S.L.</i>	B36566123	2009	11985
<i>IT-Projects, S.L.</i>	B15900871	-	8400
<i>Jet Machine Computers, S.L.</i>	B15635808	-	8302
<i>Lalinfor Sistemas, S.L.</i>	B27297654	2009	12090
<i>Legend Informática S.L.</i>	B36453348	2009	11394
<i>Line Tecnología y Comunicación, S.L.</i>	B27311406	-	8218
<i>Martínez Gestal Ofimática, S.L.</i>	B15589419	2009	11936
<i>Mella Lopez M.A. y Quintas Carreira S., S.C.</i>	J70048871	2009	12203
<i>Mennet Informatica de Empresa, S.L.</i>	B15979586	2009	12298
<i>Micromedia, S.L.</i>	B15328768	2009	11947
<i>Mouzo Villar, José Bernardino</i>	76343718W	-	8200
<i>Netgal Software, S.L.</i>	B32363277	2009	11938
<i>Neutek Arosa, S.L.</i>	B36395499	2009	11702
<i>Novatedi Dixital, S.L.L.</i>	B32379554	2009	11473
<i>Obradoiro do PC, S.L.</i>	B32348328	2009	11807
<i>Ofimática Gal-Sur, S.L.</i>	B36814549	2009	12057
<i>Ofímega, S.L.</i>	B15139553	2009	11489
<i>Ordenadores Verín, S.C.</i>	J32223372	2009	11573
<i>Osabe Informática, S.L.</i>	B15829393	2009	11414
<i>Pablo Rodil Villabrilte, S.L.</i>	B27356765	2009	11959
<i>Pais Computer Cee, S.L.</i>	B15881261	2009	11809
<i>PCS Galicia, S.L.</i>	B15660137	-	8388
<i>Pereiro Sedo, Leonardo José</i>	34273381T	2009	11912
<i>Pérez González, Jesús</i>	36129827R	2009	11583
<i>Piñeiro Iglesias, Alicia</i>	35558846H	2009	11420
<i>Prom Sistemas Informáticos, S.L.</i>	B32162513	2009	11913
<i>Pulleiro Sánchez, Xorxe</i>	76369716X	2009	12117
<i>Qualisis, S.L.</i>	B36503563	2009	12026
<i>Redegal, S.L.</i>	B32318354	-	8360
<i>Redgal Villagarcía, S.L.</i>	B36593903	2009	11713
<i>Reposat Vigo, S.L.</i>	B36819688	2009	11418
<i>Reset Informática, Mantenimiento e Instalaciones, S.L.</i>	B70157334	2009	11685
<i>Rey Casais, Luciano 000975050K, S.L.N.E.</i>	B70062468	-	8245
<i>Ricarnet Informática y Telecomunicaciones, S.L.</i>	B15999659	2009	12187
<i>Rivera Somorrostro, Pablo</i>	32677110K	2009	12315
<i>Roker Informática, S.L.</i>	B36904324	2009	11644
<i>Ros González, Roberto</i>	34995961N	2009	11633
<i>Rossmann Riveira, S.L.</i>	B15338106	2009	11929
<i>S2 Informática, S.C.</i>	J70014774	2009	12138
<i>Saec Data, S.A.</i>	A36631653	-	8250
<i>Sánchez Uscamaita, Margarita</i>	78811449V	2009	12103
<i>Santalices González Pablo 001020318Z, S.L.N.E.</i>	B32357980	2009	11539
<i>Santiago Rego, Francisco</i>	76969407E	2009	11377
<i>Santos Vela, Mariano</i>	32795715S	2009	11449
<i>SBF, S.L.</i>	B15134802	-	8322
<i>SCA Informatica, S.L.</i>	B27299742	-	8305
<i>Servicios de Telecomunicación, Informática y Comunicación, S.L.U.</i>	B27721661	2009	11427
<i>Sig Spain, S.L.</i>	B32377970	2009	12003
<i>SigesCee, S.L.</i>	B15605298	2009	11674
<i>Simm Informática, S.C.</i>	J15957343	2009	11653
<i>Simplifica, S.L.</i>	B15866163	2009	11575
<i>Sistemas y Comunicaciones de Vigo, S.L.</i>	B36879716	2009	11490
<i>Soft Sigüeiro, S.L.</i>	B15835879	2009	11503
<i>Softgasu Informática, S.L.</i>	B36832210	-	8144
<i>Software y Comunicaciones Marka Informática, S.L.</i>	B36742153	-	8208

Nome ou razón social	NIF	Solicitude 2009	Núm. expte.
<i>Técnicas Informáticas Centralizadas, S.L.</i>	B36635951	2009	12237
<i>Tecno-PC, S.L.</i>	B15337801	2009	11969
<i>Tecnotel Control, S.L.</i>	B32204984	2009	11442
<i>Teleco Santiago S.L.</i>	B15512536	-	8344
<i>Todo copia, S.A.</i>	A32010357	2009	12235
<i>Visual Publinet, S.L.</i>	B36880094	-	8412
<i>Win-Tres Computer Vigo, S.L.</i>	B36931970	2009	12029
<i>Zerosuns Galicia, S.L.</i>	B36540078	2009	12312

Nota:

A información sobre os puntos de venda ao público en Galicia de todas as entidades colaboradoras está dispoñible na web: <http://www.xunta.es/cei/pcautonomos>.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

No *Diario Oficial de Galicia* nº 33, do 17 de febreiro de 2009, publicouse a Orde do 6 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

Debido aos cambios na estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia coa aprobación do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e segundo o disposto no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e a Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribucións de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar, cómpre modificar a composición da comisión de avaliación no caso de entidades de ámbito provincial ou inferior.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o punto 2º do artigo 10 da Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria, que queda redactado como segue:

«2. No caso de entidades de ámbito territorial ou inferior, a devandita comisión terá a seguinte composición:

a) O/a xefe/a de servizo competente en materia de xuventude que actuará como presidente/a.

b) O/a xefe/a de Sección de Xuventude.

c) Un/ha representante do servizo competente en materia de xestión económica.

d) Un/ha representante do Consello da Xuventude de Galicia.

e) Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do departamento territorial.

2.1. A comisión de avaliación poderá solicitar dos interesados a achega de cantos datos e documentos se consideren necesarios ou convenientes para a avaliación.

2.2. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión de avaliación elaborará un informe-proposta de resolución que elevará ao/á xefe/a territorial competente por razón de materia da Consellería de Traballo e Benestar. Con anterioridade a ditar a proposta de resolución, deberase acreditar que os beneficiarios que superen os 1.500 euros para a adquisición de equipamento e material inventariable están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee».

Disposición adicional

Única.-As referencias xenéricas que se fagan na Orde do 6 de febreiro de 2009 aos delegados provinciais, entenderanse referidas aos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia ou Pataca de Galicia.

De acordo co previsto no Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento